



Na tarde de hoxe tivo lugar nas dependencias da Delegación de Fútbol de Ferrol o sorteo de copa de fútbol afeccionado &quot;Delegación de Ferrol&quot; temporada 2014 - 2015.

Ares, 23 de marzo de 2015.

Celebráronse dous sorteos. No primeiro entraron no bombo os equipos de 2ª autonómica que xogarán unha **fase previa** a dúas voltas. Os partidos de ida serán o 3 de maio, e os de volta o 10 de maio. Os equipos clasificados pasarán a oitavos de final.

No segundo sorteo entraron no bombo os equipos de 2ª autonómica clasificados na fase previa, aínda por coñecer, xunto cos equipos de 1ª autonómica. Disputarán os **oitavos de final**, a un só partido, a celebrar o 17 de maio. Nesta fase hai dous equipos, todavía por coñecer, que quedarán exentos de disputar os oitavos de final.

Os **cuartos** de final, a un só partido, xogaranse o 24 de maio.

As **semifinais**, a dúas voltas, xogaranse o 31 de maio a ida, e o 7 de xuño a volta.

A **final** xogarase o 14 de xuño.

[Pica neste enlace para ver o cadro completo.](#)